

## COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente  
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos  
Humanos  
José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS  
(ausente por asuntos propios)  
Margarita González Hernández, Xefa Sección  
Emprego e Programas, secretaria.

#### COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, Presidente (CIG)(asiste ao  
Consello de Campus de Ourense)

#### COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CC.OO.)  
Ángel Torreiro Varela (UXT) (ausencia)

#### XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT)  
Xoan Cebro Rodríguez, (CIG)  
María Fariza Novoa (CC.OO.)

Acta da reunión extraordinaria  
celebrada ás 10.20 horas do 25 de  
outubro de 2011, na sala de xuntas nº 1  
da Xerencia, coa asistencia das persoas  
que se citan á marxe e de acordo coa  
seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Criterios de elaboración de listas de  
agarda.

### 1. CRITERIOS DE ELABORACIÓN DE LISTAS DE AGARDA

O Xerente desculpa a súa asistencia da reunión anterior, e indica que a razón da presente convocatoria é a de aclarar os criterios de elaboración de listas de agarda. Expresa que a súa opinión persoal coincide co expresado pola Xunta de Persoal de que quen máis exercicios supera ten que estar mellor situado na lista de agarda é dicir que se elabore por tramos e dentro de cada tramo primeiro promoción interna e despois libre, porén o artigo 5.1 do Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos desta universidade é claro e non precisa de interpretación. Ademais ao non haber acordo entre os representantes da Xunta de Persoal e os representantes dos Comités de Empresa nesta comisión, hai que aplicar a literalidade do Acordo.

Xan Cebro intervén lendo o artigo 4 do Acordo, ademais menciona un acordo entre Xerencia e Xunta de Persoal anterior a entrada en vigor do documento actual, no que se establecía que as listas se elaboraban por bloques e que dentro de cada un primeiro hai que chamar aos de promoción interna. Alega que esta situación está orixinada por permitir

a participación nas probas de acceso de persoal funcionario ao persoal laboral fixo. Indica que as leis e os acordos están para ser interpretados, e neste caso concreto temos que aplicar os artigos 4 e 5 do Acordo.

María Fariza expón que non ve tan claro que o Acordo non sexa interpretable, xa que o artigo 5º fala da xestión de listas de agarda e o artigo 4º da elaboración, neste punto non mencionan dúas listas, senón que é un único proceso do que se xera unha única lista.

Marcos Estévez intervén dicindo que isto non pasara nas oposicións de laborais porque ninguén superou o proceso por promoción interna, no caso das convocatorias de ampliación de listas de agarda ou contratacións temporais si que sucedeu e as listas se conformaron en primeiro lugar polas persoas candidatas que superaran algún exame por promoción interna e despois as de acceso libre. Sinala que o artigo 5º é diametral e se ven aplicando así dende o 2009, remitíndose ao dito polos seus compañeiros dos Comités de Empresa na reunión anterior.

Santiago Santos propón que se lle faga a consulta á Asesoría Xurídica para que emita un informe en canto á interpretación de ditos artigos.

O Xerente reitera que a decisión é a de aplicar o Acordo literalmente, polo que o tema non dá para máis.

Xan Cebro cree que esta comisión deberíase liquidar xa que aquí non se está a interpretar nada.

Marcos Estévez lle resposta que denuncie o Acordo e se negocie un novo, hai un ano que se puido facer e ninguén o fixo. Ao que Xan Cebro contesta que nese momento estaban en marcha as oposicións e non se podía denunciar.

O Xerente defende este tipo de reunións e comisións, xa que no seo da mesma se explica a situación actual e cómo se vai a actuar, lembrando que hai un ano que se decidiu que o acordo íase aplicar literalmente.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 10:45 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.